

Magosto 2019

CPI RAMÓN PIÑEIRO

Como é costume no centro, o vindeiro mércores 30 de outubro celebraremos unha xornada especial co tradicional MAGOSTO. A partires das 12:30 h. as actividades programadas serán as seguintes:

- 12:30 - 13:10 h. – INICIO DAS COMPETICIÓN DEPORTIVAS: SEMIFINAIS FÚTBOL SALA 1º ESO – 4º ESO // 2º ESO – 3º ESO. Pista polideportiva cuberta.
- 13:15 - 14:00 h. - COMIDA ESPECIAL MAGOSTO: xantarán xuntos todos os alumnos/as do centro (Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO), así coma os profesores/as das diferentes etapas educativas. Comedor escolar e sala de profesores.
- 14:00 - 14:30 h. - XOGOS POPULARES para todos os alumnos/as de INFANTIL e PRIMARIA organizados por 4º ESO. Patio cuberto e zona de herba.
- A partir das 14:30 h. - MAGOSTO: degustación de castañas asadas (doadas polas familias que integran a nosa Comunidade Educativa). Zona de dirección. PRÉGASE NON TIRAR AS CÁSCARAS AO CHAN: HABERÁ PAPELEIRAS POLOS PATIOS.
- 14:30 - 14:45 h. - Entrega de premios do concurso de CESTAS DE OUTONO e do concurso do CASTAÑOLO. Zona de dirección. Centro aberto a participación da comunidade educativa.
- 14:45 - 15:15 h. - Tradicional COMPETICIÓN DE CARREIRAS POR EQUIPOS con alumnos e alumnas de todos os niveis educativos do centro. Pista exterior cuberta.
- 15:15 - 15:30 h. –PARTIDO FINAL FÚTBOL SALA entre os cursos gañadores das eliminatorias previas. Pista exterior cuberta.

Prégase colaboración e bo comportamento a todo o alumnado e así gozar dunha xornada entretida e divertida para tod@s.

ORGANIZACIÓN XERAL:

- **ESO:** quedarán tras o recreo xa nas pistas exteriores para os partidos de Fútbol-Sala. Os profesores quedarán de garda cos alumnos/as cos que teñan clase ata a hora do xantar (13:15 horas); unha vez finalizada a comida os profesores con clase quedarán tamén de garda polo centro ata finalizar o seu horario lectivo (ata 15:00 horas cando menos os que teñen clase a última hora).
- **INFANTIL E PRIMARIA:** os alumnos poderán saír ao patio ao rematar a 3ª sesión da mañá. Os mestres quedarán de garda cos seus alumnos polos patios ata a hora de xantar.
- **BIBLIOTECA:** NON haberá servizo de biblioteca pola tarde nesta xornada.
- **COLABORADORES/AS DE COMEDOR:** a hora do xantar será ás 12:45 horas tod@s xuntas. Ao rematar acompañarán aos grupos coma sempre ao patio tendo en conta que os alumn@s de INFANTIL e PRIMARIA irán a pista cuberta a participar en diferentes xogos populares ata as 14:30 horas (chave, sogatira e carreiras de sacos).